

Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, entre as competencias propias que atribúe aos Concellos recolle a relativa á «promoción do deporte (...)».

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a clubs e entidades deportivas federadas constituídos no municipio ou a cidadáns, a título individual, que contribúan ao cumprimento dos obxectivos de promoción e fomento da actividade deportiva na súa máis ampla expresión, referida tanto ao desenvolvemento das actividades de competición propias dun club deportivo como á realización dun evento ou actividade deportiva concreta.

1.- FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1.1. O obxecto das subvencións reguladas nas presentes bases é a concesión de axudas a clubs, entidades deportivas ou persoas físicas que non compitan a través de clubs, que estean federados e que teñan como fin facilitar e fomentar a participación cidadá en distintas actividades de carácter deportivo dentro do termo municipal de Lalín. Para elo poderán subvencionarse actividades relacionadas coa participación en competicións deportivas, a organización e xestión de actividades deportivas e os gastos nos que incorran ditas entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas. Así mesmo, ao abeiro destas bases, en réxime de concorrencia competitiva, concederanse axudas a clubs e entidades deportivas para o fomento e promoción do deporte de base.

1.2. O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así coma nas bases 32 a 35 das Bases de Execución do Presuposto do Concello para o exercicio 2024, e respectando o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

1.3. Convócanse subvencións polo seguinte importe e con cargo ao crédito consignado nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe global	Finalidade
0.341.48913	15.000,00 €	Outras subvencións deportivas
0.341.48919	50.000,00 €	Subvencións deporte base

2.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

Os clubs, entidades deportivas ou persoas físicas federadas poderán solicitar subvencións ao abeiro dunha das seguintes modalidades:

2.1. PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN DEPORTIVAS E/OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta modalidade aqueles clubs, entidades deportivas ou persoas físicas que non compitan a través de clubs, que estean federados e que participen en competicións deportivas oficiais ou que organicen eventos e/ou actividades deportivas tales como carreiras, torneos, demostracións, encontros, competicións, concentracións, xornadas, etc.

Aqueles clubs ou entidades deportivas que non dispoñan de licenzas federativas de deporte base deberán solicitar a subvención obrigatoriamente por esta liña.

2.2. FOMENTO DO DEPORTE BASE:

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta modalidade aqueles clubs e entidades deportivas federadas que participen en competicións deportivas oficiais ou que organicen eventos e/ou actividades deportivas tales como carreiras, torneos, demostracións, encontros, competicións, concentracións, xornadas, etc, e que dispoñan de licencias federativas de base, entendéndose por tal aquelas con categoría de xuvenil ou inferior.

Aqueles clubs ou entidades deportivas que dispoñan de licenzas federativas de deporte base deberán solicitar a subvención obrigatoriamente por esta liña, salvo no caso de que o número sexa inferior a 5, en cuxo caso poderán solicitala, á súa libre elección, pola outra modalidade.

Os clubs ou entidades deportivas que concorran por esta liña reservarán un mínimo de unha praza a disposición gratuíta do Concello de Lalín aos efectos da inclusión daqueles nenos pertencentes a familias con escasos recursos que queiran participar nas actividades do clube. O clube poderá incrementar a oferta do número de prazas de inclusión aos efectos da obtención de maior puntuación segundo se indica na base 8.

Só se poderá solicitar subvención por unha das liñas anteriormente indicadas.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

3.- BENEFICIARIOS.

3.1. Terán a consideración de beneficiarios da subvención os destinatarios dos fondos públicos que deben realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexitime a súa concesión.

3.2. Poderán solicitar as subvencións as asociacións ou clubs deportivos, legalmente constituídos, así como as persoas físicas que teñan especial relevancia no mundo do deporte e que non compitan a través de clubs, sempre que cumpran os seguintes requisitos na data de publicación destas bases no BOP:

- a) Estar federados.
- b) Estar inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.
- c) Carecer de fins de lucro.
- d) Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal de Lalín.
- e) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
- f) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, de Seguridade Social e co Concello de Lalín.
- g) Os clubs deberán ter o domicilio social no termo municipal do Concello de Lalín.
- h) As persoas físicas deberán estar empadroadas no Concello de Lalín na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

3.3. En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiario aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.4. Só se subvencionarán aos equipos veteranos no caso de que participen en competicións federadas.

4.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra o beneficiario no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024.

Só serán subvencionables aqueles gastos aos que se faga referencia no orzamento presentado na solicitude da subvención e, en todo caso, exclusivamente polos seguintes conceptos:

- a) Fichas federativas.
- b) Equipamento deportivo, entendendo como tal exclusivamente o vestiario ou outro material funxible específico para cada deporte (como balóns, redes, conos, vallas, etc). En todo caso este material non poderá superar o 20% do total subvencionable.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

- c) Gastos de desprazamento. No caso de que o beneficiario dispoña de vehículo para realizar desprazamentos só será subvencionable o combustible. Se o club dispón de vehículo propio tamén se poderán incluír os gastos de seguro do mesmo e a Inspección Técnica de Vehículos.
- d) Gastos de aloxamento e manutención só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta.
- e) Arbitraxes.
- f) Mutualidades.
- g) Gastos de persoal e seguros sociais.
- h) Trofeos, sempre e cando no orzamento presentado coa solicitude da subvención se fixera referencia a dito gasto.
- i) Cartelería e publicidade. Non será subvencionable o gasto no que incorra o beneficiario para dar publicidade a un patrocinador.
- j) Material médico e/ou farmacéutico.
- k) Asistencia sanitaria (gastos en asistencia médica ou de rehabilitación).
- l) Asistencia sanitaria en competicións deportivas do club (ambulancias, gastos médicos o de enfermería).

Non se subvencionarán, en ningún caso, aquelas actividades e/ou competicións para as que os solicitantes xa foran beneficiarios dalgunha outra axuda ou achega económica por parte do Concello de Lalín.

Exclúense, en todo caso, os gastos en investimentos ou restantes de capital.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

5.- NORMAS DE OUTORGAMENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas ou calquera outra entidade de natureza pública ou privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades subvencionadas ou financiadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lalín.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

6. SOLICITUDES.

As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle dará traslado ao BOPPO do seu extracto.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP.

As solicitudes e demais documentación presentaranse de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto, salvo no caso da memoria da actividade, que poderá presentarse en formato libre sempre que recolla, como mínimo, os contidos que se establecen no modelo da mesma. Ditos modelos facilitaranse no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do concello (www.lalin.gal).

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva emenda de erros ou defectos.

As solicitudes deberán ser presentadas a través do Rexistro Electrónico do Concello de Lalín. Igualmente serán admitidas aquelas solicitudes presentadas por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación do contido íntegra das mesmas.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á ENTIDADE E AO SEU REPRESENTANTE:

a) No caso de persoa física:

- I. Fotocopia cotexada do NIF.
- II. Certificado de empadramento no Concello de Lalín.
- III. Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou documento polo que se autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas (Anexo VI). Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín. No caso de que a contía da subvención solicitada non supere os 3.000,00 euros, poderán substituírse as certificacións mediante declaración responsable na que se afirme que o beneficiario está ó corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

- IV. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións.
- V. Certificación dos datos bancarios do solicitante, orixinal ou copia cotexada.
- VI. Documentación acreditativa da participación en competicións ou eventos deportivos oficiais durante o período subvencionable e dos resultados acadados (xustificante de inscrición, certificado da federación, ou calquera outro que acredite dita participación).
- VII. Certificado da federación correspondente no que se faga constar que o interesado está federado.

b) No caso de clube ou asociación deportiva:

- I. Documento acreditativo do acordo da entidade de acollerse á presente convocatoria e da designación da persoa que asina a solicitude e que actúa no procedemento na súa representación (Anexo I). No caso de que ao logo da tramitación do expediente se produza un cambio de representante no procedemento os interesado deberán presentar novo Anexo I comunicando dito cambio.
- II. Declaración responsable do representante da entidade relativa a que a documentación que obra en poder do Concello de Lalín, aos efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada, de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións e de que a entidade ou clube que representa se compromete a manter en perfecto estado as instalacións deportivas municipais cando estas sexan utilizadas para o desenvolvemento da actividade de dita entidade ou clube (Anexo II).
- III. Fotocopia cotexada do CIF da entidade solicitante e do NIF do representante.
- IV. Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou documento polo que se autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas (Anexo VI). Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín. No caso de que a contía da subvención solicitada non supere os 3.000,00 euros, poderán substituírse as certificacións mediante declaración responsable na que se afirme que o beneficiario está ó corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

- V. Certificado da federación na que especifique o número de persoas federadas en dito club, por categorías ou, no seu defecto, mediante copia das fichas federativas. Tanto o certificado como as fichas federativas deberán corresponder á tempada actual. No certificado da federación deberá constar, no seu caso, o número de licencias femininas e de categorías inferiores aos efectos das valoracións establecidas na base 8. Non se valorarán as fichas federativas de categoría sénior, salvo no caso de clubs formados exclusivamente por veteranos.
- VI. Certificado da federación relativa aos resultados acadados nas ligas, competicións, torneos, etc., nos que teña participado o beneficiario nos 12 últimos meses, ou artigos e/ou recensións publicados en prensa acreditativos de ditos resultados, aos efectos das valoracións establecidas na base 8.
- VII. Certificación dos datos bancarios do solicitante, orixinal ou copia cotexada.

2. DOCUMENTACIÓN RELATIVA ÁS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN (PARA TODOS OS SOLICITANTES):

- a) Modelo de solicitude.
- b) Memoria do proxecto deportivo do club, con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo e tipo de subvención solicitada. Na memoria, que deberá realizarse de xeito máis detallado posible, deberá recollerse as competicións nas que participa o club e as actividades nas que ten participado ao longo do ano, así como os participantes, medios requiridos, resultados obtidos, etc. (Anexo III).
- c) Orzamento detallado de ingresos e gastos subvencionables da actividade con expresión do financiamento previsto, e contía do importe que se solicita ao Concello en concepto de subvención. O orzamento de gastos só poderá facer referencia a aqueles gastos subvencionables recollidos na Base 4 (Anexo IV).
- d) Certificado no que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado (Anexo V).

A documentación que se entregue para participar no procedemento deberá ser orixinal ou copia cotexada.

No caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude, notificaráselle ao interesado para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles contados dende o seguinte á notificación do requirimento proceda á súa emenda, informándoo de que no caso de non ser atendido dito requirimento entenderase que renuncia a dita solicitude.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

7. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

7.1. A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico do Concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- a) O/s Concelleiro/s Delegado/s en materia de Deportes.
- b) A Concelleira Delegada de Facenda.
- c) Un técnico ou persoal adscrito ao servizo de deportes do Concello.
- d) O Secretario da Corporación, que actuará como secretario da comisión avaliadora, ou persoa na que delegue.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na base 8, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración.

A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das Bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

7.2. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

7.3. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión Avaliadora deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A proposta de resolución deberá expresar:

- a) Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- b) Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- c) No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

8.1. Os criterios que rexerán para o outorgamento das axudas reguladas nas presentes bases están baseados na valoración deportiva da entidade, na súa rendibilidade no eido social para a vila de Lalín e polos esforzos realizados no eido deportivo para conseguir a igualdade de xénero.

8.2. A concesión das subvencións e a súa contía determinarase en función dos seguintes criterios:

- a) Categoría da competición na que se participe, ata 10 puntos.
- b) Número de eventos deportivos federados, competicións federadas (calendario competitivo) nas que se participa o longo do ano, así como, o número de participantes federados nas mesmas, ata 10 puntos.
- c) Número de licencias federativas, ata 10 puntos.
- d) Valoración do proxecto deportivo ou actividade a desenvolver recollido na memoria, na que se relaten os beneficios sociais desa práctica deportiva, ata 20 puntos.
- e) No caso de solicitudes realizadas pola modalidade de Fomento do deporte de base, importancia do deporte de base no club, ata 35 puntos.
- f) Existencia de equipos ou fichas femininas, ata 25 puntos.
- g) Repercusión da actividade do club a nivel local, ata 20 puntos.
- h) Orzamento total do investimento e porcentaxe solicitada de financiamento directamente relacionados coa actividade para a que se solicita a subvención, ata 15 puntos.
- i) No caso de solicitudes realizadas pola modalidade de Fomento do deporte de base, número de prazas ofertadas ao Concello para inclusión, 2 puntos por cada praza ofertada a maiores da obrigatoria, ata un máximo de 20 puntos.
- j) Resultados ou palmarés obtido polo club ou polos deportistas nas competicións nas que teñan participado os últimos 12 meses, ata un máximo de 15 puntos.

Só se valorarán aqueles criterios que estean debidamente xustificadas.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

8.3. O importe da subvención poderá acadar ata un máximo do 80% do orzamento total de gasto presentado e xustificado.

A contía da subvención outorgada establecerase mediante o prorrateo entre os beneficiarios do importe global máximo destinado, segundo a puntuación acadada de acordo coas valoracións anteriormente indicadas.

9. DETERMINACIÓN DA CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

A repartición das subvencións farase ata esgotar o crédito dispoñible para cada tipo e a contía resultante para cada actividade ou proxecto virá determinada pola seguinte fórmula:

Contía da subvención = Puntos obtidos por parte da actividade obxecto de subvención x Valor do punto correspondente a cada tipo de actividade.

O valor do punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

Valor punto = Crédito total a distribuír entre cada tipo de subvención/Total de puntos obtidos por todas as subvencións do mesmo tipo.

10. RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe de Intervención Municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses, contados dende o día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude. Logo de transcorridos seis meses desde o día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude sen lles notificar a resolución, os interesados estarán lexitimados para entender a subvención desestimada por silencio administrativo.

As notificacións levaranse a cabo por medios electrónicos, cumprindo os requisitos establecidos nos artigos 40,41 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión das axudas á Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de beneficiarios das axudas reguladas nas presentes Bases e os importes concedidos.

As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, se fora expresa; se non o fora, o prazo será de seis meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

Malia o anterior, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se fora expresa; se non o fora, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

11. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

1. Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.
2. Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
3. Comunicar ao Concello a obtención de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento de realizar a xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos.
4. Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.
5. Acreditar, con anterioridade á proposta de resolución, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social nos termos previstos na base 6ª.
6. Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.
7. Comprometerse ao mantemento das instalacións deportivas municipais en perfecto estado cando sexan utilizadas polo beneficiario da subvención. A tal efecto deberá asinar o documento Anexo II das presentes bases. En caso de incumprimento de dito compromiso o beneficiario, previa tramitación do expediente correspondente, poderá ser excluído da convocatoria de subvencións de posteriores exercicios.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para elo deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto, e só se admitirán as xustificacións presentadas en ditos modelos, sen prexuízo da correspondente notificación aos beneficiarios para a perceptiva emenda de defectos ou corrección de erros.

Serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra o beneficiario no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024.

Só serán subvencionables aqueles gastos aos que se fixera referencia no orzamento presentado na solicitude da subvención e, en todo caso, exclusivamente polos conceptos indicados na base 4.

O prazo de presentación da xustificación rematará 15 días hábiles despois de recibir a notificación da subvención, vía notificación electrónica (Rexistro Electrónico). E todo caso o prazo máximo para xustificación será ata o 10 de decembro de 2024.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Lalín da seguinte documentación:

- a) Certificación do órgano competente da entidade, ou da persoa física interesada, que acredite o cumprimento da actividade subvencionada, así como declaración relativa ás subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para a mesma finalidade, e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada. Anexo VII.
- b) Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos de valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Na conta xustificativa deberán relacionarse facturas por importe, como mínimo, do gasto presupostado na solicitude da subvención e en todo caso, como mínimo, da suma das subvencións acadadas para a mesma finalidade. Anexo VIII.
- c) Memoria xustificativa da actividade realizada. Anexo IX.
- d) Orixinais das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe mínimo da subvención concedida. O importe total das facturas ou documentos xustificativos aportados deberá acadar, como mínimo, o importe do gasto da actividade subvencionada conforme ó orzamento aportado na solicitude da subvención. A factura orixinal será selada de xeito que quede acreditado que foi utilizada para a xustificación da subvención obtida pola entidade e, unha vez selada, será devolta ao solicitante. No selo farase constar o importe do total da factura que se imputa á subvención concedida.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

No caso de que se teñan realizado pagos que teñan retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

AS FACTURAS DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS.

- I. Facturas orixinais (con tódolos requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable, ó menos, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento.

Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello. Non obstante, antes de realizar as fotocopias e a compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: «En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de deportes 2024».

- II. Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.
 - III. A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.
 - IV. Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
 - V. Reflectirá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
 - VI. Reflectirá os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
 - VII. Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflectirse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse «IVE incluído».
- e) Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. Só se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 300 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma. No caso de pagos en metálico deberase aportar xustificación das circunstancias que dificulten



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

o pago mediante transferencia. Aquelas facturas e xustificantes de pago achegados que non cumpran cos requisitos indicados non serán admitidos para a xustificación da subvención.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, e non serán admitidos aqueles que non teñan relación directa coa actividade subvencionada.

- f) No caso de Federacións deportivas legalmente recoñecidas que non emitan facturas poderase xustificar o gasto realizado mediante certificado oficial expedido pola Federación e deberá ser acompañado cos asentos e transferencias bancarias correspondentes polos importes exactos que certifique a Federación.
- g) Mostras da publicidade realizada nas que conste a colaboración do Concello de Lalín e o seu escudo ou logotipo.
- h) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, de Seguridade Social e co Concello de Lalín.
- i) Non poderán ter a condición de beneficiario aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os gastos de aloxamento, manutención e desprazamentos admitiranse só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta. Neste caso, eses gastos deberán coincidir coas datas das actividades que se subvencionan. No caso dos gastos por desprazamento, se xustificarán cos títulos de transporte ou factura no caso de transporte en medios colectivos e, no caso de transporte en vehículos do beneficiario, a razón de 0,26€/quilómetro no caso de automóbiles, e 0,106€/quilómetro no caso de motocicletas, pola distancia recorrida entre Lalín e o lugar de realización da actividade subvencionada. Para determinar o quilometraxe terase en conta a información facilitada por Google Maps en relación ao traxecto máis curto. A suma dos gastos de manutención e aloxamento non poderán superar na xustificación o 20% da subvención concedida ou do total da suma das subvencións obtidas para o mesmo fin.

No caso de que se xustifique o gasto polo 100% do orzamento subvencionado e do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención, e para o suposto de que se xustifique un gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe do gasto xustificado co límite da subvención concedida. No caso que o importe do gasto xustificado sexa inferior ao recollido na solicitude, minorarase proporcionalmente a subvención.

Non obstante, previa solicitude, e excepcionalmente, se a Xunta de Goberno Local o considera oportuno poderase acordar motivadamente o pagamento anticipado de ata o 50 % da subvención, debendo achegarse os documentos xustificativos do gasto realizado, antes de transcorridos dez (10) días hábiles, despois de recibir a notificación da subvención.



Luns, 21 de outubro de 2024

Núm. 205

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de dez (10) días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, aplicando o coeficiente de financiamento.

13. REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

14. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2024, na Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e nos seus Regulamentos de desenvolvemento.

Avelino Souto Rozados
Concelleiro Delegado de Deportes
(documento asinado dixitalmente ao marxe)

